



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

Versión en Lectura Fácil



Esta Memoria está escrita en Lectura Fácil.

A Lectura Fácil é unha forma de escribir sinxela e clara.

Así, todas as persoas podemos entender os textos.

En Lectura Fácil utilizamos unha letra fácil de ler, un tamaño de letra grande e espazos entre as liñas maiores aos habituais.

DOWN GALICIA

Down Galicia comezou a traballar en 1998.

É unha Federación. Isto quere dicir que está formada por varias asociacións distintas.

Agora mesmo hai 7 asociacións e 1 fundación que forman parte de Down Galicia. Estas asociacións están en Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Neste momento, a Federación e as súas entidades membro dan servizo a 826 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidade intelectuais.

Obxectivos

Traballamos para apoiar ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual para que vivan a vida que elas mesmas elixan.

Para iso, asegurámonos de que se cumpra a Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade.

É un documento con todos os dereitos que teñen todas as persoas con discapacidade intelectual. É obrigatorio que eses dereitos se cumpran.

Tamén traballamos para mellorar a saúde, para mellorar a educación, e para que todo o mundo coñeza e respecte ás persoas coa síndrome de Down.

Como o facemos

En Down Galicia traballamos para que as persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual poidan ser autónomas.

Ser unha persoa autónoma significa valerse por si mesma, sen precisar a axuda dos demais todo o tempo.

Traballamos xunto ás persoas coa síndrome de Down, para apoialas en toda a súa vida. Desde que nacen ata que son moi maiores.

Que é a síndrome de Down

Todas as persoas temos no corpo cromosomas.

Os cromosomas fan que cada persoa sexa distinta: morena, rubia, alta, baixa, home, muller.

O habitual é que cada persoa teña 46 cromosomas. Estes cromosomas van de 2 en 2 formando un par. Polo tanto, cada persoa ten 23 pares de cromosomas.

Pero as persoas coa síndrome de Down teñen un cromosoma máis. No par 21, en lugar de ter 2 cromosomas, teñen 3.

Isto fai que precisen máis tempo para aprender algo. Con esforzo e con apoio conseguen todo o que se propoñen.

Principios

- Diversidade. “Todas as persoas somos diferentes”
- Dignidade. “Respéctame e valórame”
- Poder de decisión e independencia - “Eu decido na miña vida”
- Igualdade de oportunidades - “Coma ti, podo con apoio”
- Inclusión e participación - “Estou presente e avanzo na sociedade”
- Accesibilidade - “Acabemos coas barreiras que condicionan a miña vida”

HISTORIA

Ano	Acontecemento
1989	· Nace a Asociación Down Vigo
1991	· Nace a Asociación Down Pontevedra 'Xuntos'
1994	· Nace a Asociación 'Teima' Down Ferrol
1996	· Nace a Asociación Down Lugo
1997	· Nace a Asociación Down Compostela
1998	· Nace a Federación Down Galicia
2000	· Nace a Asociación Down Coruña
2002	· A Federación crea o Programa "Emprego Con Apoio", tamén chamado ECA
2003	· Nace a Asociación Down Ourense
2004	· Down Galicia entra a formar parte do CERMI, que é o "Comité Galego de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade". Traballa para defender os dereitos de todas as persoas con discapacidade
2006	<ul style="list-style-type: none"> · Nace a Fundación Down Compostela · Down Galicia é declarada de Utilidade Pública. Quere dicir que Down Galicia traballa polo interese xeral das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual · Down Galicia acóllese á Lei de Mecenado. Isto significa que as persoas e empresas que doen a Down Galicia poden ter descontos nos seus impostos
2008	<ul style="list-style-type: none"> · Down Galicia, xunto con outras entidades de Iniciativa Social, aposta pola constitución de EAPN Galicia, que é a Rede contra a Pobreza e a Exclusión Social. Traballa para que ningunha persoa sexa excluída da sociedade, por ningún motivo · AENOR comeza a certificación de calidade dos servizos da Federación. Isto quere dicir que o traballo que fai Down Galicia e as súas entidades membro (asociacións e fundación) faise de forma correcta. AENOR é a empresa que controla este traballo e que di se está ben feito ou non

Ano	Acontecemento
2009	<ul style="list-style-type: none"> Realízase a planificación estratéxica para o período 2009/2012. Trátase dun documento no que se recolle todo o traballo que hai que facer entre o ano 2009 e o ano 2012
2010	<ul style="list-style-type: none"> A Federación crea o servizo de Vida Independente Comezan os cursos e xornadas sobre Aprendizaxe Cooperativa. Trátase de estudar unha nova forma de dar clase para que todo o alumnado participe e colabore na aula
2011	<ul style="list-style-type: none"> AENOR (ISO 9001) certifica a calidade de todos os servizos e procesos que realizan as entidades membro de Down Galicia Renovación da Xunta Directiva por 4 anos
2012	<ul style="list-style-type: none"> Créase o Departamento de Comunicación
2013	<ul style="list-style-type: none"> Créase a área de Envellecemento Activo. O obxectivo é que as persoas con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual se fagan maiores sen perder a súa autonomía, ao igual que calquera outra persoa Realízase a planificación estratéxica 2014-2016 Renóvase a web da Federación Down Galicia
2014	<ul style="list-style-type: none"> Conséguese a certificación por parte da Fundación Lealtad como entidade analizada en transparencia e boas prácticas. Apróbase o Plan Estratéxico da Federación Down Galicia 2014-2016 Créanse os Premios Down Galicia para entregar o 21 Marzo de cada ano Obtéñense os Permisos de Inicio de Actividade da Rede de Vivendas de Down Galicia (5 vivendas)
2015	<ul style="list-style-type: none"> Comézase a utilizar unha nova ferramenta de xestión e control da información Renovación da Xunta Directiva No 2015 celebrouse o 'Encontro de Persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, familias e técnicos' das entidades Down

Ano	Acontecemento
2016	<ul style="list-style-type: none"> · Celébrase o 2º Encontro Nacional de Mozos e Mozas de Down España · Celébrase o 2º Encontro de Directivos e Técnicos de Entidades Down Galicia · Créase un protocolo para poder detectar canto antes as patoloxías neurodexenerativas, como o Alzheimer. É o chamado Protocolo ASE · Créase a Revista Down Galicia (trimestral) e o boletín interno (mensual)
2017	<ul style="list-style-type: none"> · Celébrase o Encontro 2017 de Down Galicia para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, familias e técnicos · Participación na elaboración do Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down
2018	<ul style="list-style-type: none"> · Down Galicia organiza a “Festa pola inclusión” polo seu 20 aniversario · Publicación do ”Protocolo de Inclusión Educativa para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual” en colaboración coa Xunta · Publicación da “Guía de estilo sobre persoas coa síndrome de Down” · Publicación das “Recomendacións de saúde para persoas adultas coa síndrome de Down”
2019	<ul style="list-style-type: none"> · Publicación do vídeo “Guía rápida sobre a síndrome de Down” · Celébrase o ‘Encontro de directivos e técnicos do movemento Down Galicia’ · Renovación da Xunta Directiva · Down Galicia cambia o seu nome oficial polo de Federación Down Galicia e aproba uns novos estatutos · Constitución dunha UTE (Unión Temporal de Empresas) con FEAFES Galicia para a execución conxunta de proxectos de emprego en Galicia · Organízase o taller de Familias “Compartindo miradas sobre a educación” e a xornada “Educación inclusiva: Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e boas prácticas” · Realízase o plan estratéxico 2019-2022 de Down Galicia

Ano	Acontecemento
2020	<ul style="list-style-type: none"> • Non se paralizou a actividade de ningunha entidade Down de Galicia durante o confinamento polo estado de alarma • Reorganización dos servizos prestados para adaptarse á pandemia: teletraballo e atención a distancia ás persoas usuarias • Creación do espazo web “Recursos Down”, con información e recursos para que todas as persoas poidan realizar distintas actividades desde a casa • Cambio dos servidores nas entidades Down
2021	<ul style="list-style-type: none"> • As persoas que traballan na Federación comezan a xestionar o Sistema de Xestión de Calidade • Desde este ano a Federación pode traballar a distancia de forma segura • As entidades Down e a Federación colocan desfibriladores nas súas instalacións (agás Down Coruña) • Creación da Comisión de Apoios Personalizados • Creación dunha nova páxina web para Down Galicia • Creación dun boletín que se envía cada tres meses coa información sobre o traballo realizado pola Federación • Elaboración do libro “Xela celebra o seu aniversario” de Os Bolechas

Ano	Acontecemento
2022	<ul style="list-style-type: none"> · Elaboración do Informe sobre a Avaliación de factores psicosociais · Elaboración do Protocolo de Prevención do Acoso no ámbito laboral · Análise da contribución da entidade aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 · Constitución do Grupo de traballo de Atención médica para poñer en contacto a profesionais Down e profesionais sanitarios · Elaboración da Guía de recursos de atención médica a persoas coa síndrome de Down · Lanzamento do novo Punto Virtual de Educación na web de Down Galicia · Campaña polo 20º Aniversario de Emprego Con Apoio · Encontro autonómico de persoas mozas e adultas do Movemento Down Galicia · Encontro autonómico de familias do Movemento Down Galicia
2023	<ul style="list-style-type: none"> · Elaboración do Protocolo de prevención do acoso laboral · II Encontro entre profesionais de ECA - Envellecemento e Vida adulta · I Encontro virtual de irmáns e irmás das entidades Down de Galicia · Xuntanza de persoas directivas e técnicas das entidades Down de Galicia · Avaliación do plan estratéxico 2019-2023 · Comezo da elaboración do novo plan estratéxico 2024- 2028 · Participación no proxecto europeo ARISE (Erasmus+) sobre inclusión educativa con outras entidades de Italia e Portugal · Convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude para a realización de formación práctica das persoas usuarias nos seus centros de traballo · Actualización e rexistro da propiedade intelectual do “Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento das persoas coa sínd. de Down” · Elaboración da 1ª Edición do “Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento - ASE das persoas con outras discapacidades intelectuais”

Ano	Acontecemento
2024	<ul style="list-style-type: none"> • III Encontro entre profesionais de ECA, Envellecemento e Vida adulta • II Encontro virtual de irmás e irmáns • Encontro autonómico de persoas mozas adultas en Lugo • Encontro autonómico de familias do movemento Down Galicia • Xuntanza de persoas directivas e profesionais do movemento Down en Galicia 2024 • Xornada de presentación do Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento <p>Deseño e proba de varios tests dixitais para a avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración da guía para profesionais sanitarios: “Atención sanitaria a persoas adultas coa síndrome de Down” • Elaboración da “Guía breve para profesionais sanitarios” • Elaboración dun protocolo contra o acoso sexual no traballo • Elaboración do Documento sobre o Modelo de Inclusión e Promoción da Autonomía Persoal das entidades Down de Galicia • Participación no proxecto Erasmus+ ARISE sobre inclusión educativa con outras entidades de Italia e Portugal • Deseño da nova páxina web de Down Galicia • Aprobación do Plan Estratéxico 2024-2028 • Elaboración e rexistro do Plan de Igualdade da Federación • Incorporación dunha nova orientadora laboral para a provincia de Lugo

Ano	Acontecemento
2025	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dunha guía para profesorado sobre accesibilidade e DUA • Participación no proxecto Erasmus+ ARISE sobre inclusión educativa con outras entidades de Italia e Portugal • Organización do Congreso “Construíndo o futuro da educación: un dereito para todos e todas” • Proxecto de formación teórica e práctica na Consellería de Política Social e Igualdade • IV Encontro entre profesionais de ECA, Envellecemento e Vida adulta • III Encontro virtual de irmás e irmáns • Xornada de Traballo de persoas directivas, técnicas e familias implicadas no Movemento Down Galicia

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS


Ano	Premio
2004	<ul style="list-style-type: none"> • Premio “ONCE Galicia á Solidariedade” de integración laboral”
2012	<ul style="list-style-type: none"> • Primeiro Premio da 5ª edición dos Premios Nacionais “Educaweb” de Orientación Académica e Profesional co proxecto "Guía de orientación académica y profesional para personas con síndrome de Down y/o discapacidad intelectual” • Primeiro Premio Nacional do VI Concurso “Voluntarios BBVA” co proxecto “Empleo Con Apoyo para personas con síndrome de Down y/o discapacidad intelectual”
2013	<ul style="list-style-type: none"> • Terceiro Premio Nacional Solidario Cenor Electrodomésticos ao proxecto de Empleo Con Apoio
2014	<ul style="list-style-type: none"> • Premio Luis Tilve “Traballo Digno” ao proxecto Empleo Con Apoio • XI Convocatoria de Ayudas Fundación Solidaridad Carrefour ao proxecto “Aulas Interactivas para la Estimulación Cognitiva de Alumnos con Síndrome de Down” • Premio do I Concurso de Proyectos Solidarios de la Fundación Grupo Norte ao proxecto “Empleo Con Apoio” • Premio Accésit Atresmedia ao proxecto “Una escuela para todos: Apoyo a la inclusión escolar de alumnos con síndrome de Down y/o discapacidad intelectual”
2015	<ul style="list-style-type: none"> • Primeiro Premio Fundación Randstad na categoría institucional ao proxecto “Potenciando el talento profesional: Empleo Con Apoio” • Premio ao Mellor Proxecto TIC con Beneficios Sociais 2015 ao proxecto “Aulas Interactivas para la Estimulación Cognitiva de Alumnos con Síndrome de Down”, AETG – AMTEGA • Entidade seleccionada e participante no Desafío Solidario 2015 – Fundación Botín: mellora da Educación en España

Ano	Premio
2016	<ul style="list-style-type: none"> • Premio Categoría Xeral V edición de Territorios Solidarios BBVA ao proxecto Vida independente de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
2017	<ul style="list-style-type: none"> • III Premios Redacción Médica á Sanidade de Galicia na categoría de Responsabilidade Social Sociosanitaria.
2018	<ul style="list-style-type: none"> • Premio “la Caixa” á Innovación Social 2017 ao proxecto “Unha escola para todos/as: Inclusión educativa de alumnos/as coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”. • Recoñecemento da Fundación Mapfre á traxectoria de Down Galicia pola inclusión laboral das persoas con discapacidade intelectual. • Premio “Líderes en Calidade de Galicia” polo sistema de calidade. • Mención honorífica a entidades de acción voluntaria de Galicia.
2019	<ul style="list-style-type: none"> • Premio “Cheo de Vida” outorgado polo “Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Queixo Tetilla” ao proxecto “Atención Temperá para nenas e nenos coa Síndrome de Down”. • Finalista do Premio “Yotubeir@s” á Calidade Lingüística polo programa de Youtube “OrientaConsello”
2020	<ul style="list-style-type: none"> • Finalista da IX Convocatoria de Axudas a Proxectos Inclusivos Fundación Universia e Fundación Konecta co proxecto de “Emprego Con Apoio”
2021	<ul style="list-style-type: none"> • Premio da Fundación “la Caixa” ao proxecto “Emprego Con Apoio” • Premio da Fundación Mapfre ao proxecto de envellecemento da Federación
2022	<ul style="list-style-type: none"> • Premio Federico Mayor Zaragoza ao vídeo reivindicativo contra a violencia machista “Sen medo” desenvolto polas persoas usuarias das entidades de Down Galicia • Accésit na VIII Edición do Foro Afectivo Efectivo ao proxecto “Apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome Down”

Ano	Premio
2023	<ul style="list-style-type: none"> • Premio da Fundación Inocente, Inocente polo proxecto “Inclusión educativa de alumnado coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais” • Premio da Fundación La Caixa ao proxecto “Emprego con Apoio” • XV Premio “Insua dos Poetas” na categoría de Acción Social • Premio da Fundación IBERDROLA ao proxecto “Emprego con apoio” • Premio da Fundación ONCE 2023 polo proxecto: “Emprego con Apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual” • Premio de Prezero Iberia S.A.U. polo proxecto: “Emprego con apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”
2024	<ul style="list-style-type: none"> • Entidade seleccionada no programa de “Céntimos Solidarios” de Eroski co proxecto “Unha escola para todos” • Entidade seleccionada na convocatoria “Euros de tu nómina” do Banco Santander polo proxecto “Inclusión educativa de alumnado coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais” • Premio da Fundación AMA ao proxecto “Intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual” • Entidade seleccionada nos proxectos sociais de 2024 da Fundación Ibercaja co proxecto “Emprego con apoio” • Entidade seleccionada no programa social de 2024 da Fundación Iberdrola co proxecto “Emprego con apoio” <p>Finalista dos IV Premios Innovación en Saúde do Servizo Galego de Saúde (Sergas) polo “Protocolo de Avaliación e Seguimento do Envellecemento (ASE)”</p> <ul style="list-style-type: none"> • Premio “Revelación RIES 2024 Clúster Saúde Galicia” aos “Protocolos de avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e das persoas con discapacidade intelectual”

Ano	Premio
2025	<ul style="list-style-type: none">• Entidade seleccionada na IV convocatoria de Axudas a proxectos sociais “Súmate” de Prezero co proxecto “Programa autonómico de asesoramento, orientación e formación para o emprego público”• Entidade seleccionada na convocatoria de 2025 da Fundación Ibercaja de axuda á infancia co proxecto “Unha escola para tod@s”• Entidade seleccionada na convocatoria xeral da Fundación ONCE 2025 co proxecto “Emprego con apoio”• Entidade seleccionada no programa social de 2025 da Fundación Iberdrola co proxecto “Emprego con apoio”• Premio da Deputación de Pontevedra ao “Mellor proxecto ou iniciativa social polo seu impacto social” con “Avaliación e seguimento do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual”

ENTIDADES MEMBRO



Entidade	Teléfono
Down Galicia	981 58 11 67
Down Compostela	981 56 34 34
Down Coruña	981 26 33 88
'Teima' Down Ferrol	981 32 22 30
Down Lugo	982 24 09 21
Down Ourense	988 37 03 13
Down Pontevedra 'Xuntos'	986 86 55 38
Down Vigo	986 20 16 56

XUNTA DIRECTIVA

Cargo	Nome	Asociación
Presidente	Delmiro Prieto González	Down Compostela
Vicepresidente	Manuel Pérez Cabo	Down Pontevedra 'Xuntos'
Secretario	Elías Ledo Fernández	Down Compostela
Tesoureiro	Rafael Cabezas Enríquez	Down Ourense
Vogal	José Antonio Villamarín Cid	Down Lugo
Vogal	José Martín Rodríguez	'Teima' Down Ferrol
Vogal	María José Gimeno Aránguez	Down Coruña
Vogal	Cándido Giráldez Otero	Down Vigo



ÁREAS DE ACTUACIÓN: AS ETAPAS DA VIDA



Área de Atención Temperá: Formada por servizos dirixidos a nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, para mellorar o seu desenvolvemento físico e intelectual. Tamén se orienta e apoia aos pais e nais para fomentar a autonomía na contorna familiar.

Área de Educación: Integrada por programas dirixidos a usuarios e usuarias a partir dos 3 anos que xa van á escola. Os programas de esta área teñen por obxectivo que as persoas con e sen discapacidade poidan estudar na mesma aula.

Área de Formación e Emprego: Dirixida ás persoas que buscan emprego. O obxectivo é desenvolver as súas capacidades para a inserción laboral e mellorar as súas posibilidades para acceder a un posto de traballo.

Área de Vida Adulta e Independente: Inclúe programas que ofrecen orientación e apoio ás persoas que desexan vivir soas, en parella, ou con outras persoas.

Nesta área tamén está o programa de Envellecemento Activo, que consiste en deseñar estratexias para que todas as persoas poidan facerse maiores mantendo as súas capacidades.

Área Transversal: Agrupa os programas que inclúen as persoas con discapacidade, as súas familias e ao resto da sociedade (ocio, sensibilización, intervención familiar).

Área Complementaria: Está composta por programas que inclúen a todas as idades (deporte, habilidades emocionais, expresión corporal, novas tecnoloxías...).

TRABALLO REALIZADO E PERSOAS ATENDIDAS

O traballo das entidades de Down Galicia realízase a través de actividades, chamados programas ou actuacións.

A continuación describimos os programas realizados en 2025 e o seu resultado.

Atención Temperá

Consiste en traballar con cada neno ou nena, para que mellore as súas capacidades físicas e intelectuais.

É moi importante comezar o antes posible, xa que os nenos e nenas ata os 6 anos son como esponxas, absorben todo o que se lles ensina. Así poden mellorar moito para o resto da súa vida.

Durante o 2025 atendemos:

26 nenos e nenas



Inclusión educativa

Defendemos a educación inclusiva, que significa que alumnos e alumnas con discapacidade e sen discapacidade teñen dereito a compartir a aula. Así non se exclúe a ninguén, e todo o alumnado pode participar na escola e contar con apoios se os precisa.

Nesta área realízanse dous tipos de accións:

- Dáselle apoio ós alumnos e alumnas que o precisan.
- Asesórase ós profesores e profesoras dos colexios.

Os resultados desta área durante o ano 2025 foron os seguintes:

Apoio a 132 alumnos e alumnas
Asesoramento a profesorado de 105 centros educativos



Proxecto Erasmus + ARISE

Down Galicia participou neste proxecto europeo para mellorar a inclusión social dos alumnos e alumnas con discapacidade e as capacidades do profesorado e das administracións.

Número de persoas que se beneficiaron deste programa en 2025:

132 alumnos e alumnas
105 centros educativos

Congreso “Construíndo o futuro da educación: un dereito para todos e todas”

A Federación organizou este congreso para informar ás persoas que participaron na importancia da inclusión educativa.

Número de persoas que se participaron nesta actividade:

283 persoas



Formación para o emprego

Nesta área, as persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual reciben cursos para ampliar os seus coñecementos técnicos e ter máis posibilidades de atopar un emprego.

Número de persoas que asistiron a estes cursos no 2025:

302 persoas maiores de 16 anos



Programa de estimulación cognitiva

Neste programa as persoas participantes melloran as súas habilidades sociais e laborais e as funcións cognitivas. Ao traballar estas actividades poderán ser máis autónomos.

As funcións cognitivas son as que teñen que ver con aprender, memorizar, comprender, recordar etc.

Número de persoas participantes neste programa en 2025:

223 persoas participantes

Formación universitaria para mulleres

Consiste en realizar unha formación para que as mulleres participantes poidan desenvolver os seus proxectos de vida, tanto a nivel persoal como a nivel profesional.

Número de persoas que realizaron formación práctica no 2025:

8 mulleres da área de Vigo

Formación para ser voluntarios e voluntarias

Neste programa, as persoas coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual formáronse para poder facer voluntariado na súa contorna.

Número de persoas que realizaron formación práctica no 2025:

35 persoas da área de Vigo

Programa autonómico de itinerarios de inclusión

En 2025 tamén se levou a cabo programa de itinerarios de inclusión.

O seu obxectivo é que as persoas participantes consigan mellorar as competencias e habilidades sociolaborais para acceder máis facilmente a un posto de traballo.

Número de persoas participantes no programa:

70 persoas participantes das áreas de A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo

Programa autonómico de asesoramiento, orientación e formación para o emprego público

Este programa ten como obxectivo que as persoas participantes adquiran e melloren as súas competencias para presentarse con máis oportunidades a unhas oposicións.

Número de persoas participantes neste programa en 2025:

83 persoas participantes

Formación práctica

En 2025 tamén se levou a cabo o proxecto de realización de actividades de aprendizaxe e integración sociolaboral.

Consiste en realizar formación práctica na Consellería de Política Social para mellorar as habilidades laborais. Desta forma, as persoas que participan nesta actividade teñen máis posibilidades de atopar un traballo no futuro.

Número de persoas participantes no programa:

26 persoas participantes maiores de 16 anos

Inclusión laboral

O obxectivo deste programa é que as persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual teñan un posto de traballo nunha empresa ordinaria.

Down Galicia ofrece á persoa os apoios que precisa no traballo. Faino a través dun sistema que se chama “Emprego Con Apoio”.

No Emprego Con Apoio un preparador ou preparadora laboral ensínalle á persoa coa síndrome de Down ou con discapacidade intelectual a facer as súas tarefas no mesmo posto de traballo.

Grazas a este programa, no 2025 conseguimos os seguintes resultados:

270 persoas participantes no programa
254 contratos vixentes no período
38 formacións prácticas no período
528 empresas contactadas

Inserción laboral – Licitación Inserta Empleo

Este programa levouse a cabo en colaboración con Inserta Empleo.

O seu obxectivo é que as persoas que participen reciban servizos que faciliten o seu acceso a un posto de traballo. Por exemplo, orientación e capacitación laboral, acompañamento e apoio no posto de traballo, etc.

Número de persoas participantes neste programa en 2025:

25 persoas participantes maiores de 16 anos
con especiais dificultades de inserción

Servizo de Orientación Laboral (Servizo Público de Emprego)

Realízanse accións para que as persoas con discapacidade sexan capaces de buscar e atopar un posto de traballo.

As principais accións de orientación laboral son:

- Entrevistas individualizadas
- Itinerario Personalizado de Inserción: é un traballo que se fai con cada persoa. A orientadora laboral indica as actividades e obxectivos que a persoa ten que realizar para atopar un emprego
- Accións de grupo de orientación laboral
- Atención ás familias das persoas demandantes de emprego
- Traballo en rede cos técnicos de Emprego e Formación de outras entidades
- Información e asesoramento
- Busca de empresas do mercado laboral

Número de accións realizadas e de persoas atendidas:

361 persoas atendidas
1.392 entrevistas de orientación
489 accións en grupo
94 Itinerarios Personalizados de Inserción

Programa de autonomía e vida independente

As persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual tamén precisan apoios para ser autónomas e independentes.

Son apoios para que se manexen por si mesmas na súa vida diaria. Para que realicen por si mesmas actividades de ocio, usen o transporte público, vivan en vivendas compartidas con outras persoas, e tomen as súas decisións elas soas.

Número de persoas participantes no programa:

418 persoas participantes



Convivencias nas vivendas das entidades Down

Neste programa ofrécese ás persoas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais a posibilidade de vivir nunha das vivendas da súa entidade Down durante un tempo.

De esta forma, prepárase para unha futura vida autónoma e independente.

Número de persoas participantes no programa:

40 persoas participantes maiores de 18 anos das áreas de A Coruña, Vigo e Lugo

Programa de avaliación do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual

Down Galicia estuda as necesidades das persoas maiores coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual para que estean mellor atendidas, poidan ser máis independentes e ter unha mellor calidade de vida.

653 persoas participantes



Plataforma web para a avaliación do envellecemento – Fase 1

A Federación Down Galicia está creando unha web para que os profesionais que traballan nas entidades Down poidan rexistrar os datos do programa de envellecemento. Así todo funciona mellor e máis rápido.

Número de persoas participantes:

653 persoas participantes de entre 19 e 65 anos

Programa de apoio e intervención no proceso de envellecemento de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

Down Galicia e as súas entidades traballaron xuntas para promover o envellecemento activo das persoas adultas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual. Desta forma, as persoas participantes teñen máis oportunidades de conseguir unha boa calidade de vida cando son maiores.

Durante o ano 2025 participaron neste programa:

300 persoas participantes maiores de 20 anos

Escapadas turísticas nas entidades Down

Con este programa búscase facilitar a inclusión das persoas participantes en actividades de lecer saudables e inclusivas. Tamén se busca que tomen as súas propias decisións e se relacionen con outras persoas.

Número de persoas participantes nas escapadas turísticas:

113 persoas participantes na zona norte de Galicia
104 persoas participantes na zona sur de Galicia



Programa de ocio e vida saudable de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual

En Down Galicia queremos mellorar a saúde e a condición física das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Número de persoas participantes no programa e de accións realizadas:

256 persoas participantes no ámbito do ocio
293 persoas participantes no ámbito da vida saudable
695 actividades de ocio



Encontros bilaterais de mozos e mozas do Movemento Down Galicia

Algunhas das entidades Down de Galicia organizaron varios encontros para que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidadeas intelectuais visitaran a compañeiros e compañeiras de outras cidades galegas.

En 2025 participaron nestes encontros:

100 mozos e mozas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual de A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra

Encontros locais de familias

As entidades Down organizaron varios encontros a nivel local. Con estas xuntanzas buscan facer máis fortes os vínculos entre as familias que forman parte da entidade.

Número de persoas participantes nos encontros:

746 persoas participantes das áreas da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo

Programa de accesibilidade de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual

Hai persoas que non teñen como ir ás sesións e ás actividades na súa entidade Down. Este programa encárgase de conseguir un medio de transporte para que vaian.

Número de persoas participantes no programa:

23 persoas participantes das áreas de Santiago e Lugo

Programa de apoio psicolóxico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

En Down Galicia cremos que o benestar persoal é moi importante para as persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Por iso prestamos atención á saúde integral e detectamos as necesidades de apoio e atención psicolóxica das persoas usuarias. Así, melloran a súa calidade de vida.

Número de persoas participantes no programa:

478 persoas participantes das zonas de A Coruña, Santiago, Ferrol, Vigo e Ourense

Programa de apoio a familias de persoas coa síndrome de Down

A familia é moi importante para todas as persoas.

En Down Galicia apoiamos ás familias para que pais, nais, fillos e fillas teñan a mellor calidade de vida posible. Tamén axudamos ás familias a que se relacionen entre si e compartan as súas experiencias.

Datos do programa en 2025:

**819 familias atendidas de toda Galicia
3.776 entrevistas a familias
117 entrevistas iniciais de acollida**

Programa de sensibilización de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

En Down Galicia queremos que todo o mundo saiba as cousas que poden facer as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Gracias a este programa oíron falar das entidades Down de Galicia en colexios, universidades e clubs deportivos. Tamén saíron noticias en medios de comunicación, publicacións e redes sociais.

Número de persoas participantes no programa e resultados acadados:

822 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais
1251 accións de sensibilización



Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)

O obxectivo deste programa é que as persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual teñan todos os recursos para participar na súa comunidade por si mesmas.

Trabállanse os recursos dos que dispón cada persoa e adéstrase a súa autonomía persoal.

Número de persoas participantes no programa:

826 persoas participantes en toda Galicia

Formación de profesionais e voluntarios

Con este programa, a Federación quere promover a inclusión social das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Para iso, Down Galicia crea unha rede de voluntariado activa.

Número de persoas participantes:

**53 persoas voluntarias nas áreas da Coruña e Vigo
54 persoas usuarias das áreas da Coruña e Vigo que
fixeron voluntariado**

Programas Kit Dixital e Kit Consulting

Down Galicia levou a cabo estes programas para mellorar a dixitalización da Federación. A dixitalización é cando se traballa con tecnoloxías avanzadas para facer mellor o traballo.

Datos dos programas en 2025:

**1 nova acción implantada co Kit Dixital
2 asesoramentos recibidos co Kit Consulting:
ventas dixitais e transformación dixital
826 persoas destinatarias**

Programa de coordinación entre asociacións, innovación e dinamización de iniciativas e metodoloxías de traballo

Down Galicia e as súas entidades participan en moitas reunións para defender os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Este programa tamén serve para mellorar e facer máis fácil o traballo das entidades que forman parte de Down Galicia.

Programa de Comunicación e Sensibilización

Día Mundial da Síndrome de Down

O 21 de marzo é o Día Mundial da Síndrome de Down.

Esta data é un símbolo: o día 21 do mes 3 (marzo). Simboliza que as persoas coa síndrome de Down teñen 3 cromosomas do par 21 das células do corpo.

No ano 2025, Down Galicia celebrou o Día Mundial da Síndrome de Down en colaboración coa asociación Down Coruña.

Celebrouse un acto no Paraninfo da Universidade da Coruña, ao que asistiron persoas representantes do Concello de A Coruña, do Goberno de España, da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña.

Ademais, entregáronse os X Premios de Down Galicia e varias persoas coa síndrome de Down leron o “Manifesto pola Promoción da Autonomía Persoal”.

Aparicións en Medios de Comunicación

Durante o ano 2025, Down Galicia realizou diferentes accións para que toda a sociedade coñeza o seu traballo, os logros das persoas coa síndrome de Down e as súas inxedanzas e reivindicacións. Para iso, enviou notas de prensa e organizou actos públicos para saír en xornais, radios, televisións e páxinas web.

568 aparicións en medios de comunicación

Redes Sociais

Down Galicia está nas redes sociais Facebook, X e Instagram. Nestas redes sociais publícanse as experiencias e os logros das persoas coa síndrome de Down.

Os temas que máis gustan son os das persoas que encontran traballo, os premios que gañan, e os actos do Día Mundial da Síndrome de Down.

Facebook: 6.391 seguidores/as
X: 2.184 seguidores/as
Instagram: 2.011 seguidores/as

Páxina web

Down Galicia renovou a súa páxina web en 2025: www.downgalicia.org.

Agora é máis accesible.

Revista informativa trimestral e Boletín interno

Cada tres meses, Down Galicia elabora unha revista trimestral coa información máis importante dese período e un boletín interno para contar o traballo feito pola Federación.

As revistas e os boletíns informativos publícanse en xaneiro, abril, xullo e outubro.

Programa de captación de fondos

No ano 2025 tamén se levaron a cabo varias accións para conseguir máis cartos para a Federación.

De entre todas estas accións destaca a venda dunha bolsa isotérmica que mantén o frío co xornal La Voz de Galicia polo Día Mundial da síndrome de Down.

Programa de desenvolvemento tecnolóxico e comunicacións

A Federación Down Galicia soluciona os problemas informáticos das súas entidades.

Tamén traballa para manter a seguridade das redes. É dicir, para que ninguén de fóra teña acceso aos datos que se usan na Federación e nas súas entidades.

Programa de apoio e formación a profesionais

As traballadoras e traballadores da Federación Down Galicia e das súas entidades membro fórmanse para poder seguir mellorando no seu traballo.

O ano pasado foron a moitas formacións organizadas por Down Galicia e por outras entidades externas.

No 2025 Down Galicia organizou:

12 formacións

Programa de calidade

A Federación Down Galicia e as asociacións que a forman teñen implantado un Sistema de Xestión, que se chama Norma ISO 9001.

Isto quere dicir que o traballo que se fai nas entidades membro (asociacións e fundación) é o adecuado para conseguir os seus obxectivos. Os seus obxectivos son apoiar ás persoas coa síndrome de Down desde que nacen ata que se fan moi maiores, para que se vallan por si mesmas.

Outros programas

Ademais dos programas anteriores, Down Galicia tamén levou a cabo o Programa de constitución, dinamización e mantemento de redes de traballo; o Programa de relacións institucionais; e o Programa de Administración e Xestión.

ALIANZAS

Down Galicia forma parte de outras Organizacións en Galicia e en España.

Forma parte de **Down España**. Significa Federación Española de Institucións para el Síndrome de Down e é a organización de síndrome de Down de todo o país.

A nivel nacional, tamén forma parte do **CERMI España**.

En Galicia, forma parte do CERMI Galicia, de EAPN-Galicia e colabora co Servizo Público de Emprego.

CERMI Galicia significa Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia. Defende os dereitos de todas as persoas con discapacidade e os das súas familias.

EAPN - Galicia significa Rede Galega contra a Pobreza e a Exclusión Social. Esta organización traballa para que ningunha persoa sexa excluída da sociedade, nin por motivos económicos nin por motivos de discapacidade.

Servizo Público de Emprego de Galicia. É o servizo da Xunta de Galicia no cal se inscriben as persoas que están buscando un posto de traballo.

A Federación tamén forma parte do programa “Juntos Somos Capaces” da Fundación Mapfre, do programa “Incorpora” de La Caixa, da Asociación de Lectura Fácil, da Rede Galega de Investigación en Demencias, da Rede Eusumo e do Clúster Saúde de Galicia.


PERSOAS BENEFICIARIAS

O número total de persoas beneficiarias nas entidades Down de Galicia é de 826. Todas elas son persoas con discapacidade intelectual en xeral e coa síndrome de Down en particular.

A continuación imos ver cantas persoas usuarias hai diferenciándoas por localidade, sexo, idade e por se teñen síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual.


Comparativa por localidades

Localidade	Persoas usuarias
Ferrol	74
A Coruña	123
Santiago	101
Lugo	83
Pontevedra	125
Vigo	218
Ourense	102
Total	826




Diferenza entre síndrome de Down e outra discapacidade intelectual

Idade	Síndrome de Down	Discapacidade intelectual
de 0 a 6 anos	35	1
de 7 a 13 anos	64	6
de 14 a 18 anos	53	14
de 19 a 25 anos	81	68
de 26 a 30 anos	60	52
de 31 a 34 anos	52	41
de 35 a 40 anos	78	64
de 41 a 45 anos	43	37
de 46 a 50 anos	17	23
de 51 a 55 anos	10	9
de 56 a 65 anos	9	6
Más de 65 anos	1	2
Total	503	323




Diferenza entre homes e mulleres

Sexo	Total
Homes	444
Mulleres	382
Total	826



Diferenza por idade

Idade	Total
de 0 a 6 anos	36
de 7 a 13 anos	70
de 14 a 18 anos	67
de 19 a 25 anos	149
de 26 a 30 anos	112
de 31 a 35 anos	93
de 36 a 40 anos	142
de 41 a 45 anos	80
de 46 a 50 anos	40
de 51 a 55 anos	19
de 56 a 65 anos	15
Más de 65 anos	3
TOTAL	826





RESUMO ECONÓMICO

Ingresos

De onde viñeron os cartos no ano 2025.


Total	3.029.298,63 €	Porcentaxe
Financiamento público	2.848.730,25 €	94%
Financiamento privado	100.113,57 €	3,3%
Recursos propios	80.454,81 €	2,7%



Gastos

En que se gastaron os cartos no ano 2025.

Total	3.045.132,01 €	Porcentaxe
Gastos de persoal	1.171.775,21 €	38,5%
Servizos a persoas usuarias	710.506,74 €	23,3%
Axudas a Entidades Membro da Federación	919.446,96 €	30,2%
Amortizacións	21.496,41 €	1%
Outros gastos	221.906,69 €	7%



Resultado

O resultado é a diferenza entre o que se ingresou e o que se gastou.

O resultado do 2025 é de -15.833,98 €

CONTACTO

Estes son os datos de contacto de cada unha das entidades Down de Galicia:

Entidad	Contacto
Down Galicia	Teléfono: 981 58 11 67 E-Mail: downgalicia@downgalicia.org Web: www.downgalicia.org
Down Compostela	Teléfono: 981 56 34 34 E-Mail: downcompostela@downcompostela.org Web: www.downcompostela.org
Down Coruña	Teléfono: 981 26 33 88 E-Mail: asociacion@downcoruna.org Web: www.downcoruna.org
Teima Down Ferrol	Teléfono: 981 32 22 30 E-Mail: teimadownferrol@teimadownferrol.org Web: www.teimadownferrol.org
Down Lugo	Teléfono: 982 24 09 21 E-Mail: downlugo@downlugo.org Web: www.downlugo.org
Down Pontevedra Xuntos	Teléfono: 986 86 55 38 E-Mail: xuntos@downxuntos.org Web: www.downxuntos.org
Down Ourense	Teléfono: 988 37 03 13 E-Mail: downourense@downgalicia.org Web: www.downourense.org
Down Vigo	Teléfono: 986 20 16 56 E-Mail: downvigo@downvigo.org Web: www.downvigo.org

COLABORADORES

Colaboradores públicos



Colaboradores privados



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025



Rúa Alejandro Novo González, nº1
15706 · Santiago de Compostela · Galicia



